

4.6. outros indicadores de benestar social

DADO QUE O CONCEPTO DE BENESTAR social é un concepto amplo e coñecido por todos, e que que inclúe elementos subxectivos, o obxectivo deste capítulo é analizar diferentes indicadores de benestar social que determinan a calidade de vida. Os catro ámbitos considerados para avalia-la calidade de vida son o consumo, a vivenda, a cultura e o ocio e a participación cívica.

Como punto de partida, o **cadro 4.6.1.** reflicte os doce compoñentes de benestar social recollidos no *Anuario Social de España 2004* para o período 2001-2002: índice de renda, índice de saúde, índice de servicios sanitarios, índice de nivel educativo e cultural, índice de oferta educativa, cultural e de ocio, índice de emprego, índice de condicións de traballo (calidade de emprego), índice de vivenda e equipamento do fogar, índice de accesibilidade económica e seguridade vial, índice de convivencia e participación social, índice de seguridade cidadá e índice de entorno natural e clima.

4.6.1.

Principais indicadores de benestar social nas CC.AA. 2001-02

	Renda	Saúde	Servizos sanitarios	Nivel educativo e cultural	Oferta educativa, cultural e ocio	Emprego	Condições traballo (calidade do emprego)	Vivienda e equipamento fogar	Accesibilidade económica e seguridade vial	Convivencia e participación social	Seguridade cidadá	Entorno natural e clima
Andalucía	76-82	95-100	84-92	76-88	70-80	55-70	90-100	100-110	100-115	90-100	92-100	92-100
Aragón	106-112	95-100	124-132	112-124	110-120	115-130	80-90	110-120	85-100	100-110	92-100	76-84
Asturias	94-100	80-85	124-132	100-112	90-100	70-85	80-90	90-100	70-85	80-90	116-124	124-132
Baleares	112-118	85-90	108-116	88-100	superior 140	130-145	90-100	100-110	100-115	70-80	84-92	Superior 132
Canarias	94-100	95-100	100-108	112-124	100-110	85-100	100-110	80-90	145-160	80-90	100-108	116-124
Cantabria	100-106	105-110	116-124	136-148	100-110	100-115	70-80	100-110	85-100	90-100	116-124	124-132
Castela e León	94-100	95-100	100-108	100-112	110-120	85-100	90-100	90-100	70-85	110-120	108-116	84-92
Castela - A Mancha	82-88	105-110	76-84	52-64	80-90	85-100	70-80	90-100	85-100	120-130	108-116	76-84
Cataluña	112-118	90-95	124-132	136-148	100-110	115-130	100-110	130-140	130-145	70-80	92-100	108-116
Comunidade Valenciana	94-100	90-95	100-108	88-100	80-90	100-115	100-110	100-110	130-145	90-100	84-92	100-108
Extremadura	Inferior/igual 76	105-110	92-100	64-76	80-90	55-70	120-130	90-100	70-85	110-120	100-108	92-100
Galicia	82-88	85-90	92-100	88-100	70-80	85-100	90-100	60-70	100-115	90-100	108-116	124-132
A Coruña	82-88	80-85	92-100	112-124	80-90	70-85	80-90	70-80	115-130	80-90	108-116	124-132
Lugo	82-88	Inferior/igual 80	92-100	Inferior/igual 52	70-80	100-115	superior 140	Inferior/igual 60	55-70	100-110	124-132	108-116
Ourense	88-94	80-85	92-100	64-76	60-70	100-115	90-100	Inferior/igual 60	85-100	90-100	116-124	100-108
Pontevedra	82-88	90-95	92-100	100-112	60-70	70-85	80-90	70-80	100-115	80-90	100-108	Superior 132
Madrid	118-124	105-110	124-132	136-148	90-100	115-130	superior 140	130-140	Superior a 160	80-90	84-92	76-84
Murcia	82-88	85-90	76-84	76-88	70-80	115-130	130-140	110-120	145-160	100-110	92-100	76-84
Navarra	Superior 124	110-115	Superior 132	Superior 148	100-110	Superior 160	100-110	superior 140	115-130	80-90	68-76	92-100
País Vasco	Superior 124	95-100	124-132	136-148	90-100	130-145	80-90	130-140	130-145	60-70	Inferior/igual 68	124-132
A Rioxa	112-118	95-100	84-92	112-124	100-110	130-145	90-100	100-110	85-100	100-110	100-108	92-100
Total	94-100	95-100	92-100	88-100	90-100	85-100	90-100	90-100	85-100	90-100	92-100	92-100

Fonte: La Caixa, Anuario Social de España 2004

O devandito cadro reflicte que Galicia presenta uns índices inferiores á media estatal no caso da renda, saúde, oferta educativa e vivenda e equipamento do fogar, sendo superior no que ós índices de accesibilidade económica e seguridade vial, seguridade cidadá e entorno natural e clima se refire.

Dende un punto de vista normativo, cómpre salienta-la *Lei 4/2003, do 29 de xullo, de vivenda de Galicia*, que trata de “regular tres aspectos fundamentais: en primeiro termo, a protección dos arrendatarios e dos adquirentes de vivendas e locais na súa relación cos arrendadores, promotores, constructores e vendedores, garantindo que a información recibida antes de contratar sexa veraz, completa e transparente, así como o respecto, ó longo do proceso constructivo, dos compromisos asumidos fronte a eles; en segundo termo, dáselle forma á intervención da Administración autonómica nos problemas específicos que suscita a transmisión a terceiros das vivendas suxeitas a algún réxime de protección pública, co fin de asegurar que estas queden sempre en mans de cidadáns que doutro modo non poderían facer efectivo o seu dereito a unha vivenda digna e axeitada, dadas as súas particularidades circunstancias familiares e económicas; e finalmente, en terceiro termo, prevese na lei o réxime sancionador por infraccións en materia de vivenda”.

A devandita lei considera como vivenda (artigo 1) “toda edificación permanente habitable da que o seu destino principal, aínda que non sempre exclusivo, o constituía satisfice-la necesidade de residencia, sexa habitual ou non, das persoas físicas”. Asemade, as normas desta lei seranlles aplicables “ós adquirentes ou usuarios doutros espazos do edificio susceptibles de aproveitamento independente destinados ó desenvolvemento de actividades profesionais, industriais, comer-

ciais, sociais, culturais ou de análoga natureza, sexan persoas físicas ou xurídicas”.

Consumo

Esta análise do consumo está dividida en dous grandes apartados nos que se estudia, por unha banda, a renda familiar bruta dispoñible e o a gasto medio anual por persoa, a partires dos datos facilitados polo INE e por Funcas. Pola outra, coméntanse os datos da protección ó consumidor, tomando como indicadores o número de consultas e reclamacións atendidas no Instituto Galego de Consumo, e a actividade dos colexios arbitrais da Xunta de Galicia.

• *Renda familiar bruta dispoñible e gasto medio anual por persoa*

O comportamento do consumo privado está ligado á evolución da renda familiar bruta dispoñible, que indica o poder de compra das familias. O **cadro C.5.15.** (*PIB e Renda familiar bruta dispoñible por habitante nas CC.AA. 2002-03*) reflicte que a RFBD por habitante medrou en Galicia no ano 2003 un 5,4% para situarse nos 11.624,03 euros.

Comparado co total estatal, a renda familiar bruta dispoñible por habitante en Galicia acada o 90,3% do valor medio de España (12.870,59 euros), o que supón unha medra de 3,7 puntos porcentuais en relación ó ano anterior.

O **gasto medio por persoa** en Galicia no cuarto trimestre do ano 2003, segundo os datos do INE, foi de 1.782,58 euros, un 3,7% menos do gasto medio por persoa para o conxunto do Estado (1.851,31 euros). Como amosa o **cadro 4.6.2.**, en termos absolutos, o gasto medio por persoa en Galicia é superior ó rexistrado no cuarto trimestre en Andalucía, Canarias, Castela A Mancha, Castela e León, Estremadura, Murcia e Ceuta e Melilla.

4.6.2.

Gasto medio por persoa nas CC.AA. de residencia 2002-03: distribución segundo gasto en alimentación e resto de gastos

	2002			2003			03/02		
	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto	Total (Gasto medio por persoa en €)	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto de gastos	Total	Alimentos, bebidas e tabaco	Resto
Andalucía	1.654,70	385,37	1.269,33	1.702,10	385,17	1.316,92	2,9	-0,1	3,7
Aragón	1.982,22	410,87	1.571,35	1.880,25	441,77	1.438,48	-5,1	7,5	-8,5
Asturias	1.784,13	385,20	1.398,93	1.920,28	432,49	1.487,80	7,6	12,3	6,4
Baleares	2.081,78	372,45	1.709,33	2.098,24	341,43	1.756,81	0,8	-8,3	2,8
Canarias	1.657,71	356,63	1.301,08	1.651,80	322,50	1.329,30	-0,4	-9,6	2,2
Cantabria	2.117,78	500,75	1.617,03	1.838,96	407,21	1.431,75	-13,2	-18,7	-11,5
Castela e León	1.773,39	422,04	1.351,35	1.708,86	388,70	1.320,16	-3,6	-7,9	-2,3
Castela - A Mancha	1.506,54	378,71	1.127,83	1.551,75	340,46	1.211,29	3,0	-10,1	7,4
Cataluña	1.873,80	406,90	1.466,90	1.976,29	422,21	1.554,08	5,5	3,8	5,9
Comunidade Valenciana	1.727,67	373,29	1.354,38	1.846,09	410,64	1.435,45	6,9	10,0	6,0
Extremadura	1.435,76	352,59	1.083,17	1.330,80	371,56	959,24	-7,3	5,4	-11,4
Galicia	1.697,43	406,76	1.290,67	1.782,58	477,34	1.305,24	5,0	17,4	1,1
Madrid	2.085,21	370,46	1.714,75	2.159,07	393,69	1.765,37	3,5	6,3	3,0
Murcia	1.715,81	409,87	1.305,94	1.539,11	393,18	1.145,93	-10,3	-4,1	-12,3
Navarra	2.047,89	338,99	1.708,90	2.334,75	419,82	1.914,93	14,0	23,8	12,1
País Vasco	2.083,81	418,98	1.664,83	2.028,82	480,79	1.548,04	-2,6	14,8	-7,0
A Rioxa	1.822,75	413,13	1.409,62	1.871,58	392,02	1.479,56	2,7	-5,1	5,0
Ceuta e Melilla	1.461,10	297,57	1.163,53	1.658,73	395,96	1.262,78	13,5	33,1	8,5
Total	1.806,69	390,37	1.416,32	1.851,31	403,53	1.447,77	2,5	3,4	2,2

(1) Os datos corresponden ó cuarto trimestre de cada ano.
Fonte: INE, Encuesta Continua de Presupuestos familiares

Deses 1.782,58 euros, Galicia dedica un 26,8% á compra de alimentos, bebidas e tabaco, sendo a segunda comunidade coa maior porcentaxe de gasto nestes produtos tras Estremadura (27,9%). En España, esta porcentaxe ascende ó 21,8%. Comparado co ano anterior, o gasto medio nestes productos medrou en Galicia un 17,4%, fronte ó 3,4% do conxunto estatal.

• *Protección ó consumidor*

Ó longo do ano 2003 realizáronse un total de 42.613 consultas (un 34,7% máis que en 2002) e 12.707 reclamacións e denuncias ante o Instituto Galego de Consumo (IGC), ante as Oficinas de Información ó Consumidor (OMIC's) e as asociacións de consumidores.

Cómpre salienta-la importancia do IGC en canto ó número de consultas e reclamacións se refire, ó acolle-lo 47,1% (20.074) das consultas e o 86,0% (10.927) das reclamacións atendidas en 2003. AsOMIC's xestionaron en 2002 o 36,6% (15.607) das consultas e o 8,1% (1.026) das reclamacións, mentres que as asociacións de consumidores atenderon o 16,3% (6.932) e o 5,9% (754) das consultas e reclamacións, respectivamente.

En relación ós sectores que máis solicitudes de información tiveron, salientan os relativos á vivenda e telefonía, que concentran máis da cuarta parte das peticións de información ante os organismos de consumo.

No concernente ó número de reclamacións atendidas, a telefonía é tamén o sector con maior número de reclamacións, con 2.751 reclamacións. Séguenlle en importancia en canto ó número de queixas os servizos de venda e reparacións de automóbiles, ensino, electrodomésticos e roupa e calzado.

No que atinxe á **actividade dos cole-**

xios arbitraris dependentes da Xunta de Galicia, o Sistema Arbitral de Consumo presentou unha importante medra no número de novas empresas e profesionais adheridos, con 1.101 novas empresas. O número total de empresas adheridas á Xunta Arbitral de Consumo superou en 2003 as 6.700 empresas e profesionais.

O número de solicitudes arbitraris presentadas ante a Xunta Arbitral de Consumo de Galicia en 2003 ascendeu a 3.095. A telefonía concentrou a meirande parte das solicitudes (1.002), seguida de tinturerías (218), ensino (181) e reparación de automóbil (139).

Os laudos dictados polos diferentes colexios arbitraris en 2003 supuxeron un lixeiro incremento en relación ó ano anterior, acadando os 1.221 laudos.

Os servizos de Inspección do IGC levaron a cabo un total de 16.542 actuacións, das que o 63,4% (10.480 actuacións) tiñan como obxectivo a localización, intervención cautelar e/ou retirada de productos do mercado.

Vivenda

Este apartado analiza o problema da accesibilidade á vivenda en Galicia e a súa comparación co conxunto do Estado, a partir dos indicadores de vivenda recollidos no **cadro 4.6.3**. O número de vivendas libres iniciadas en 2003 medrou en Galicia un 22,2% e o de vivendas rematadas un 1,6%, acadando as 36.164 e 21.049 vivendas, respectivamente. Comparado co total estatal, Galicia acolle o 5,2% das vivendas iniciadas e o 4,6% das vivendas rematadas.

A superficie media da vivenda nova en bloque en Galicia foi no derradeiro ano de 99,6 metros cadrados, lixeiramente inferior á media estatal, con 101,3 metros cadrados.

4.6.3.

Indicadores da vivenda en Galicia e España 2002-03

	Galicia	España
Construcción de viviendas libres		
Viviendas iniciadas, 2003	36.164	690.206
Variación interanual 2003-02 (%)	22,2	19,9
Viviendas terminadas, 2001	21.049	457.194
Variación interanual 2003-02 (%)	1,6	7,1
Superficie media vivanda nova en bloque (en m ²)	99,6	101,3
Actuacións protexibles		
Total vivendas protexidas iniciadas, 2003	3.170	47.085
Total vivendas protexidas terminadas, 2003	2.245	26.287
Prezos da vivanda libre e salarios		
Euros/metro cadrado de vivenda, 2003	864,10	1.428,20
Variación interanual 2003-02 (%)	8,0	17,0
Coste salarial total por traballador, 2003 (€/mes)	1.271,5	1.480,2
Variación interanual 2003-02 (%)	2,4	3,8
Salario ponderado, 2003 (€/mes)	1.653,00	1.924,20
Indicadores de accesibilidade		
Ratio de solvencia, 2003	5,6	8,1
Variación interanual 2003-02 (puntos)	0,2	0,8
Ratio de solvencia ponderado, 2003	4,3	6,3
Variación interanual 2003-02 (puntos)	0,4	1,0
Esfuerzo sobre salario, 2003	32,0	46,2
Variación interanual 2003-02 (puntos)	-1,9	0,3
Esfuerzo sobre salario ponderado, 2003	24,6	35,5
Variación interanual 2003-02 (puntos)	0,3	2,5
Vivenda adquirible, 2003 (miles de €)	88,7	103,3
Variación interanual 2003-02 (miles de €)	9,8	12,7
Vivenda adquirible ponderada, 2003 (miles de €)	115,4	138,9
Variación interanual 2003-02 (miles de €)	5,6	12,9
Vivenda adquirible / vivenda mercado, 2003 (%)	103,1	71,4
Variación interanual 2003-02 (puntos)	4,3	-1,0
Viv. adquirible ponderada / viv. mercado, 2003 (%)	134,1	96,0
Variación interanual 2003-02 (puntos)	-2,7	-9,3
Prezo máximo vivanda protexida nova, 2003		
Prezos máximos (€/m ² útil)	991,2	636,3
Variación interanual 2003-02 (%)	2,0	2,0
Aluguer vivanda libre		
Vivenda nueva, 2002 (€/m ² construído/mes)	3,70	5,30
Variación interanual 2002-1999 (%)	-8,8	14,7
Vivenda usada, 2002 (€/m ² construído/mes)	3,30	4,60
Variación interanual 2002-1999 (%)	8,0	39,0

Fonte: Consejo Económico y Social, Memoria socioeconómica y laboral de España 2003

No caso das actuacións protexidas, o número de vivendas iniciadas ascendeu a 3.170 (o 6,7% das vivendas iniciadas no conxunto do Estado) e o de vivendas rematadas acadou as 2.245 vivendas (o 8,5% das vivendas rematadas en España).

Como reflicte o **cadro 4.6.3.**, o prezo da vivanda libre en 2003 medrou en Galicia un 8,0% respecto ó ano anterior (17,0% de media no conxunto do Estado), acadando os 864,1 euros por metro cadrado. Este incremento non se correspondeu co crecemento medio dos salarios, polo que se produce un empeoramento da relación entre prezos e ingresos familiares. O custo salarial total por traballador medrou en Galicia un 2,4% (3,8% de media en España), situándose nos 1.271,5 euros ó mes.

A ratio de solvencia en 2003, definida coma a relación entre os prezos das vivendas e os salarios, indica que, en Galicia, unha vivanda media ten un prezo similar a 5,6 veces o salario bruto medio dese ano, 0,2 puntos superior ó existente no ano anterior. Comparado co resto das CC.AA., Galicia é a terceira comunidade co ratio máis baixo, superando a Castela A Mancha e Estremadura, cun valor de 5,0 e 4,6, respectivamente (no conxunto do Estado esta ratio ascende ata o 8,1, oito décimas máis que en 2002).

Tamén se observa un lixeiro empeoramento na accesibilidade á vivanda en 2003 xa que unha familia galega tipo ten de destina-lo 24,6% da súa renda bruta anual para adquiri-la vivanda de tipo medio (tres décimas máis que en 2002),

4.6.4.

Plan de vivienda en Galicia 2002-2005: recursos presupostados 2003

	Recursos territorializados	Recursos totais	Diferencia
	(en miles de €)		(%)
Andalucía	310.994	747.611	140
Aragón	130.929	177.391	35
Asturias	90.370	74.875	-17
Baleares	73.252	40.978	-44
Canarias	161.394	108.939	-33
Cantabria	67.919	25.876	-62
Castela e León	190.685	250.540	31
Castela-A Mancha	148.337	216.106	46
Cataluña	559.334	364.976	-35
Extremadura	113.216	104.826	-7
Galicia	143.247	346.237	142
Madrid	514.905	765.653	49
Murcia	197.124	98.473	-50
A Ríoxa	75.271	69.112	-8
C. Valenciana	446.636	658.467	47
Ceuta	4.256	569	-87
Melilla	12.778	145	-99
Total	3.240.647	4.050.774	

Fonte: Consejo Económico y Social, Memoria socioeconómica y laboral de España 2003

sendo no conxunto do Estado de 35,5% (2,5 puntos máis que no ano anterior). Comparado co resto das comunidades autónomas, o esforzo sobre o salario ponderado tan só é inferior en Extremadura e Castela A Mancha, co 20,1% e 21,6%, respectivamente.

Tanto en Galicia coma no conxunto do Estado, o prezo máximo da vivenda protexida nova en 2003 medrou un 2,0% respecto ó ano anterior, situándose en Galicia nos 991,2 euros por metro cadrado útil, 55,8 puntos por riba da media estatal.

Entre os anos 1999 e 2002 (derradeiro dato dispoñible), ó contrario do acontecido en España, o prezo medio da vivenda nova en aluguer descendeu en Galicia un 8,8% para situarse nos 3,7 euros por metro cadrado e mes. No conxunto do Estado o prezo medrou un 14,7% e acadou os 5,3 euros por m² e mes.

O devandito **cadro 4.6.3.** amosa que o prezo da vivenda usada en aluguer medrou en Galicia un 8,0%, acadando os 3,3 euros por metro cadrado e mes. A media de crecemento en España foi do 39,0% e o prezo de 4,6 euros por m² e mes.

No que ó volume de préstamos do Programa 2003 se refire, os recursos totais ascenderon en Galicia a 346.237 miles de euros (o 8,5% do total estatal), dos que 143.247 miles de euros corresponden ós recursos territorializados (o 4,4% dos recursos no conxunto do Estado). O **cadro 4.6.4.** amosa que Galicia é unha das sete comunidades que obtiveron recursos con cargo a fondos non territorializados (aqueles cos que se pretende fomentar determinadas modalidades de actuacións protexidas ou, en xeral, flexibiliza-la evolución do Plan e mellora-lo seu grado de cumprimento).

O **cadro 4.6.5.** reflicte que non só se cumpriron as actuacións correspondentes ó Programa 2003 do Plan de vivienda 2002-2005, senón que ademais superáronse as actuacións convidadas, sobre todo no caso da adquisición doutras vivendas existentes e das vivendas protexidas de nova construción, onde o grado de cumprimento das actuacións acadou o 473,6% e 247,0%, respectivamente (212,6% e 124,1%, respectivamente, no conxunto do Estado). O grado de cumprimento do conxunto de actuacións ascendeu ata os 223,5% (129,1% no conxunto do Estado).

4.6.5.

Actuacións do Plan de Vivenda 2002-2005. Programa 2003 por CC.AA.

	Vivendas protexidas de nova construción		Para aluguer		Cofinanciación de VPO de promoción pública (en aluguer)		Adquisición doutras vivendas existentes		Rehabilitación Areas		Edificios		Solo		Total					
	Total	Para venda	Para aluguer						Total		Total		Total							
Total nacional	42.085	37.665	4.420	150	5.645	31.430	8.180	23.250	10.565	89.875	124,1	123,2	135,5	39,3	212,6	127,3	112,1	132,6	109,5	129,1
Convidas Realización (%)	1.810	1.730	80	-	125	1.605	605	1.000	120	3.660	247,0	253,8	101,3	-	473,6	188,8	99,5	241,5	83,3	223,5
Galicia	1.180	1.025	155	100	310	950	50	900	1.000	3.540	46,1	47,9	63,9	-	284,5	116,0	-	122,4	46,5	85,8
Convidas Realización (%)	920	920	-	-	255	450	-	450	-	1.625	28,7	28,7	-	-	89,0	147,1	-	147,1	-	71,0
Cantabria	6.050	5.000	1.050	-	1.300	7.465	2.000	5.465	1.500	16.315	74,5	65,6	116,8	-	50,6	124,1	96,0	134,4	46,3	92,7
Convidas Realización (%)	2.200	2.050	150	-	300	2.825	150	2.675	1.400	6.725	118,9	105,7	299,3	-	469,0	141,7	483,3	122,6	-	119,4
Castela e León	905	890	15	-	145	500	50	450	100	1.650	75,5	76,5	20,0	-	313,1	133,8	-	148,7	-	250,3
Convidas Realización (%)	1.505	1.500	5	-	405	1.555	100	1.455	1.500	4.965	152,8	147,8	-	-	128,9	117,0	-	125,1	364,9	203,7
Aragón	6.520	5.980	540	-	540	7.645	4.000	3.645	2.160	16.865	143,0	123,0	364,8	-	91,5	100,6	87,5	115,0	14,5	105,7
Convidas Realización (%)	2.275	2.150	125	-	190	1.280	300	980	50	3.795	130,8	134,8	61,6	-	207,4	151,6	186,3	140,3	130,0	141,6
Castela-A Mancha	5.840	5.490	350	25	1.250	1.525	400	1.125	300	8.940	125,2	130,8	45,7	44,0	344,6	195,4	405,8	120,6	300	163,8
Convidas Realización (%)	1.875	1.865	20	-	140	1.600	-	1.600	260	3.875	91,8	91,3	135,0	-	292,1	119,4	-	119,4	-	104,3
Extremadura	5.010	3.570	1.440	-	300	1.700	-	1.700	1.500	8.510	245,9	300,1	111,6	-	374,0	120,6	-	120,6	86,5	199,1
Convidas Realización (%)	3.115	3.015	100	25	125	345	25	320	25	3.635	41,5	42,9	12,0	192,0	258,4	182,3	-	196,6	-	63,4
Murcia	515	440	75	-	160	1.605	300	1.305	50	2.330	84,5	60,0	228,0	-	99,4	124,7	40,3	144,1	-	111,4
Convidas Realización (%)	2.365	2.050	315	-	100	380	200	180	600	3.445	65,5	74,3	8,6	-	50,0	68,9	55,0	84,4	114,8	74,0
Convidas Realización (%)	65,5	74,3	8,6	-	50,0	68,9	55,0	84,4	114,8	74,0										

Fonte: Consejo Económico y Social, Memoria socioeconómica y laboral de España 2003

4.6.6.

Presupostos consolidados da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo 2002-03: distribución dos créditos por programas

	2002	2003	03/02
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
Dirección e Servizos Xerais de Cultura	20.919,0	21.180,6	1,3
Bibliotecas	3.636,9	3.874,4	6,5
Arquivos e Museos	3.175,3	3.403,8	7,2
Promoción, difusión e cooperación cultural	20.933,2	21.807,2	4,2
Audiovisual	7.579,4	7.929,4	4,6
Teatro, música e danza	6.766,5	8.465,3	25,1
Patrimonio hist., artístico e arqueolóxico	17.864,1	19.044,1	6,6
Exposicións e artes plásticas	482,0	525,0	8,9
Cobertura informativa e apoio a com. social	6.798,6	7.367,3	8,4
Radiodifusión e TVG	82.411,0	85.637,1	3,9
Ordenación e xestión do turismo	3.050,1	3.122,5	2,4
Xacobeo	25.342,4	24.628,6	-2,8
Fomento e potencia. do turismo	27.531,0	29.634,6	7,6
Elaboración e difusión estatística	42,2	150,4	256,4
Plan Galego de I+D Técnico	177,5	4,8	-97,3
Total	226.709,2	236.775,1	4,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Cultura e ocio

O apartado dedicado á análise da cultura, tras presenta-la evolución dos diferentes programas dos presupostos da Xunta de Galicia nesta materia, analiza a actividade editorial ó longo dos dous últimos anos (libros e prensa escrita), a oferta e a demanda dos medios audiovisuais (artes escénicas, música clásica e moderna, radio e televisión, e cine).

Para a realización do mesmo, analízanse os datos facilitados nos presupostos Xerais da Xunta, a Sociedad General de Autores y Editores de las Artes escénicas, musicales y audiovisuales (SGAE) e a Oficina de Justificación de la Difusión (OJD).

O **cadro 4.6.6.** reflicte o presuposto consolidado da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e a súa distribución por programas. Este presuposto ascendeu a 236.775,1 miles de euros no ano 2003, un 4,4% máis que no exercicio anterior, cando se dedicaron un total de 226.709,2 miles de euros.

Como recolle o **cadro 4.6.6.**, os programas cun maior presuposto son o de Radiodifusión e TVG, con 85.637,1 miles

de euros –que tería como obxectivos aportar-las recursos económicos complementarios para o funcionamento da CRTVG e das súas empresas, así como a dotación de medios materiais e técnicos necesarios para o mantemento das redes de radio e televisións institucionais que darán cobertura de recepción a todo o territorio de Galicia–, o de fomento e potenciación do turismo (29.634,6 miles de euros) e mailos programas do Xacobeo (24.628,6 miles de euros). Comparado co ano anterior, cómpre salienta-lo incremento do importe dos programas de teatro, música e danza, con 1.698,8 miles de euros máis, de fomento e potenciación do turismo, con 2.103,6 miles de euros máis, e da Radiodifusión e TVG, con 3.226,1 miles de euros máis.

Xunto á Consellería e o seu organismo autónomo, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), existen cinco sociedades públicas –S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Compañía de R.T.V.G., Turgalicia, S.A., Redes de Telecomunicación galegas, S.A. (RETEGAL) e a fundación pública cidade da cultura– cun presuposto total no ano 2003 de 191.473,3 miles de euros (7.235,3 miles de euros o IGAEM e 184.238,0 miles de euros as sociedades públicas) fronte ós 179.394,7 miles de euros doa no anterior.

4.6.7.

Producción editorial 2002-03 títulos e nº de exemplares: distribución segundo o idioma da publicación

	Títulos publicados			Nº de exemplares		
	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)
Castelán	52.598	56.512	7,4	187.748	196.684	4,8
Catalán, valenciano e balear	7.598	8.354	9,9	17.202	19.035	10,7
Galego	1.373	1.355	-1,3	7.273	3.010	-58,6
Euskera	978	1.044	6,7	1.744	2.261	29,6
Outros idiomas ou dialectos nacionais	88	149	69,3	125	208	66,4
Alemán	150	133	-11,3	470	376	-20,0
Francés	280	317	13,2	1.079	1.460	35,3
Inglés	1.021	1.133	11,0	2.933	3.807	29,8
Outros idiomas estranxeiros	749	1.034	38,1	5.567	7.683	38,0
En dous ou máis idiomas	1.945	2.017	3,7	4.449	4.223	-5,1
Total títulos publicados	66.780	72.048	7,9	228.590	238.747	4,4

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

4.6.8.

Nº de títulos e exemplares traducidos 2002-03: distribución segundo idioma orixinal

	Títulos			Exemplares		
	2002	2003	03/02 (%)	2002	2003	03/02 (%)
Castelán	740	824	11,4	2.136	3.105	45,4
Catalán, valenciano e balear	177	211	19,2	450	591	31,3
Galego	31	24	-22,6	139	126	-9,4
Euskera	37	40	8,1	85	65	-23,5
Outros idiomas ou dialectos nacionais	3	16	433,3	8	36	350,0
Alemán	631	612	-3,0	3.372	3.053	-9,5
Francés	1.213	774	-36,2	5.705	3.249	-43,0
Inglés	6.349	5.050	-20,5	38.358	24.966	-34,9
Outros idiomas estranxeiros	1.025	906	-11,6	4.252	3.915	-7,9
En dous ou máis idiomas	38	41	7,9	236	326	38,1
Total títulos publicados	10.244	8.498	-17,0	54.741	39.432	-28,0

Fonte: INE, *Estadística de la producción editorial de libros*

• **A actividade editorial**

Ó longo do ano 2003 a produción editorial en galego ascendeu a 1.355 títulos (o 1,9% dos títulos publicados no conxunto do Estado e o 57,1% dos libros e folletos producidos Galicia), o que significa un descenso do 1,3% respecto ó ano anterior. O número de exemplares foi de 3.010 miles (o 1,3% do conxunto Estado), un 58,6% inferior ó rexistrado no 2002. A súa tirada media foi de 2.221 exemplares por título, fronte ós 5.297 exemplares do ano anterior.

Da produción editorial total en España (72.048 títulos publicados), o **cadro 4.6.7.** reflicte que se editan en castelán o 78,4% dos títulos, un 11,6% en catalán e un 1,4% en euskera. Comparado

co ano anterior, o devandito cadro amosa que fronte ó descenso dos títulos en galego, medra a publicación de libros en catalán (9,9%), castelán (7,4%) e euskera (6,7%).

O **cadro 4.6.8.** amosa o número de títulos e exemplares traducidos ó longo dos anos 2002 e 2003. No último ano traducíronse ó galego un total de 24 libros (7 menos que no 2002), sendo o número de exemplares de 126.000 (139.000 en 2002).

Atendendo á produción editorial nas diferentes comunidades autónomas, o **cadro 4.6.9.** reflicte que Galicia segue sendo, ó igual que no ano anterior, a sétima comunidade en canto ó número de títulos publicados, por detrás de Madrid,

4.6.9.

Producción editorial nas CC.AA. 2002-03: títulos e exemplares

	Total						Libros						Folleto							
	Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)		Títulos		Exemplares (1)	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003	2002	2003
Andalucía	4.679	4.734	5.309	5.759	4.125	4.185	4.627	4.988	554	549	681	771	554	549	681	771	554	549	681	771
Aragón	1.357	1.728	2.457	3.731	1.051	1.363	1.854	3.020	306	365	603	711	306	365	603	711	306	365	603	711
Asturias	763	1.414	949	2.471	642	1.170	802	2.063	121	244	147	408	121	244	147	408	121	244	147	408
Baleares	843	913	1.262	1.323	700	682	1.052	955	143	231	211	368	143	231	211	368	143	231	211	368
Canarias	631	1.009	806	1.138	532	846	660	920	99	163	146	218	99	163	146	218	99	163	146	218
Cantabria	475	439	890	768	393	364	742	706	82	75	148	62	82	75	148	62	82	75	148	62
Castela e León	2.741	2.854	6.962	6.946	2.340	2.429	5.758	5.499	401	425	1.204	1.447	401	425	1.204	1.447	401	425	1.204	1.447
Castela - A Mancha	810	969	1.527	1.547	669	830	1.212	1.345	141	139	315	202	141	139	315	202	141	139	315	202
Cataluña	21.185	22.169	94.972	97.843	18.359	18.854	84.709	87.499	2.826	3.315	10.262	10.344	2.826	3.315	10.262	10.344	2.826	3.315	10.262	10.344
C. Valenciana	3.430	4.032	4.848	5.506	3.038	3.442	4.401	4.750	392	590	447	757	392	590	447	757	392	590	447	757
Extremadura	461	513	511	479	388	440	428	422	73	83	83	57	73	83	83	57	73	83	83	57
Galicia	2.154	2.373	8.062	4.349	1.829	1.980	7.607	3.813	325	393	454	536	325	393	454	536	325	393	454	536
Madrid	22.374	23.894	87.085	92.617	18.861	19.558	78.079	82.076	3.513	4.336	9.005	10.541	3.513	4.336	9.005	10.541	3.513	4.336	9.005	10.541
Murcia	797	893	696	1.009	643	760	542	861	154	133	154	148	154	133	154	148	154	133	154	148
Navarra	1.576	1.333	6.906	7.396	1.451	1.203	6.562	6.529	125	130	344	867	125	130	344	867	125	130	344	867
País Vasco	2.329	2.553	5.098	5.620	2.004	2.175	4.228	4.510	325	378	870	1.110	325	378	870	1.110	325	378	870	1.110
Riixa	150	190	237	215	127	146	198	162	23	44	39	53	23	44	39	53	23	44	39	53
Ceuta e Melilla	25	38	12	29	22	29	11	22	3	9	1	7	3	9	1	7	3	9	1	7
Total	66.780	72.048	228.589	238.746	57.174	60.456	203.472	210.140	9.606	11.592	25.114	28.607	9.606	11.592	25.114	28.607	9.606	11.592	25.114	28.607

(1)Exemplares en miles

Fonte: INE, Estadística de la producción editorial de libros

4.6.10.

Penetración dos medios de comunicación nas CC.AA. 2003

	Diarios	Suplementos	Revistas	Radio (1)	Televisión (1)	Cine (2)	Internet (3)
	(%)						
Andalucía	28,1	19,9	46,2	56,5	91,9	7,0	25,6
Aragón	44,3	42,5	59,3	57,4	88,9	10,2	28,8
Asturias	59,9	49,8	61,5	66,8	93,1	9,8	23,7
Baleares	46,8	28,2	62,0	51,3	90,2	10,4	28,5
Canarias	37,8	18,4	60,0	52,4	85,7	10,3	26,1
Cantabria	49,9	50,1	51,2	62,8	89,6	8,8	25,5
Castela e León	41,4	31,9	56,3	60,1	92,4	6,9	23,5
Castela-A Mancha	22,4	14,9	45,2	49,4	93,0	5,9	19,1
Cataluña	45,2	29,1	55,5	59,0	89,0	11,0	30,8
C.Valenciana	29,3	21,1	48,8	54,2	92,3	8,5	22,1
Extremadura	32,3	23,6	47,7	53,2	94,8	5,3	22,0
Galicia	47,4	36,4	50,3	57,3	91,3	7,5	23,6
Madrid	46,4	33,0	62,2	62,0	89,1	12,4	35,2
Murcia	31,1	25,1	49,3	55,9	91,7	6,1	23,6
Navarra	57,3	54,1	52,0	55,6	87,2	8,6	25,5
País Vasco	54,0	52,1	49,7	66,8	90,6	9,7	29,1
A Rioxa	43,1	40,9	52,2	58,2	91,1	11,2	17,5
Total	39,7	29,4	53,1	57,9	90,7	9,0	26,9

(1) audiencia acumulada diaria

(2) polo menos unha vez na última semana

(3) uso nos últimos 30 días

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

Cataluña, Andalucía, a C. Valenciana, Castela e León e o País Vasco.

Respecto á prensa escrita, *La Voz de Galicia* segue sendo o principal xornal galego pola súa tirada (127.982 exemplares diarios) e difusión (108.643 exemplares), datos que o convierten no décimo segundo diario en importancia a nivel estatal. Séguelle en importancia o *Faro de Vigo*, cunha tirada de 50.162 exemplares e unha difusión de 42.242 exemplares.

O grao de penetración dos diferentes medios de comunicación está reflectido no **cadro 4.6.10.** No caso dos medios de comunicación escritos diarios, suplementos e revistas, Galicia presenta un maior grao de penetración que no caso estatal no caso dos diarios e suplementos, ó contrario do acontecido no caso das revistas. Comparado cos datos do ano anterior, no ano 2002 constátase en Galicia un aumento no grao de penetración dos tres medios de comunicación considerados.

Comparado coas outras comunidades, o devandito cadro reflecte que, trala medra experimentada no último ano, Galicia é a quinta comunidade con maior

penetración no caso dos diarios e a sétima no caso dos suplementos, ocupando o décimo primeiro posto no que ás revistas se refire.

• Os medios audiovisuais

Atendendo ó **cadro 4.6.10.**, o grao de penetración do **cine**, medido pola porcentaxe de persoas que asistira ó cine polo menos unha vez na semana antes da enquisa, foi, ó igual que en 2002, do 7,5% (9,0% no conxunto estatal). Comparado coas outras comunidades autónomas, Galicia presenta un grao de penetración deste medio superior ó rexistrado en Extremadura (5,3%), Castela A Mancha (5,9%), Murcia (6,1%), Castela León (6,9%) e Andalucía (7,0%).

Os datos da SGAE reflicten, **cadro 4.6.11.**, que o número de espectadores nas salas de cine ascendeu a 5.571.087 persoas, un 1,4% máis que en 2002, acadando a recadación os 24.594,7 miles de euros (un 7,5% máis que en 2002). Comparado co total estatal, os espectadores galegos representan o 4,1% do total de persoas que van ó cine en España, sendo a importancia relativa da recadación do 3,9%.

Espectadores e recadación nos centros con actividades culturais 2002-03

	Galicia		España	
	Espectadores 2002	Espectadores 2003	Recadación 2002 (en miles de €)	Recadación 2003 (en miles de €)
Artes escénicas	432.736	465.574	1.764,9	2.687,2
Teatro	350.769	418.619	1.363,4	2.231,5
Danza	55.934	27.733	150,8	261,1
Género lírico	26.033	19.222	250,7	194,6
Música clásica	376.506	298.732	446,1	582,4
Música popular	1.580.559	1.469.382	4.032,2	2.274,3
Concertos e recitais	-	-	-	-
Cine	5.495.197	5.571.087	22.871,3	24.594,7
			139.805.000	135.764.619
			627.353,0	636.143,5

Fonte: Sociedade General de Autores de España

4.6.12.

Consumo diario de radio e televisión nas CC.AA. 2001-03

	2001		2002		2003	
	Radio	Televisión	Radio	Televisión	Radio	Televisión
	<i>(media de minutos sobre o total da poboación)</i>					
Andalucía	87	232	95	244	116	264
Aragón	99	200	106	204	118	232
Asturias	107	204	108	223	134	247
Baleares	81	196	88	214	91	227
Canarias	87	198	100	212	107	223
Cantabria	114	228	128	230	127	216
Castela e León	95	218	104	247	115	265
Castela - A Mancha	86	291	96	259	99	251
Cataluña	104	232	106	227	127	229
C. Valenciana	98	231	108	244	119	261
Extremadura	72	240	87	245	97	271
Galicia	75	183	89	214	108	244
Madrid	99	234	108	244	126	235
Murcia	90	236	97	228	107	257
Navarra	91	215	109	225	113	230
País Vasco	101	225	125	233	133	227
A Ríoxa	105	212	104	229	117	288
Total	94	226	103	235	118	246

Fonte: Asociación para la Investigación de Medios de Comunicación

4.6.13.

Participación social 2002 (1) : Fundacións de interese galego e asociacións (2)

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto España	Total Galicia
Fundacións de interese galego	11	-	1	6	-	18
Directorio de asociacións						-
Familia, infancia e menores	194	52	55	137	25	463
Minorías étnicas	35	1	13	22	1	72
Muller	203	134	134	195	4	670
Entidades de Xuventude	222	101	138	158	-	619
Asociacións	139	50	88	104	-	381
Entidades prestadoras de servizos	83	51	50	54	-	238

(1) recolle aquelas que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude
 (2) a 31 de outubro de 2003
 Fonte: Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado, Directorio de fundacións e asociacións

En relación á **radio** e a **televisión**, o grao de penetración dos mesmos é do 57,3% e o 91,3%, respectivamente, (5,7 puntos e 2,0 puntos, respectivamente, superiores ás rexistradas no ano anterior). Comparado coas diferentes comunidades autónomas, Galicia é a oitava comunidade con maior grao de penetración en ámbolos dous casos.

O consumo medio diario de **radio** da poboación galega increméntase no ano 2003, para acadar 108 minutos (89 minutos no ano anterior) fronte ós 118 minutos de media do conxunto estatal. Comparado coas outras comunidades, neste ano Galicia se converte na sexta

comunidade con menor consumo diario, tras Baleares, Extremadura, Castela A Mancha, Canarias e Murcia.

No caso da **televisión**, o consumo medio diario medra ata os 244 minutos (214 minutos no ano precedente) fronte ós 246 minutos de media en España. Comparado co resto das comunidades autónomas, Galicia é a novena comunidade con menor consumo, por detrás de Madrid, Aragón, Navarra, Cataluña, Baleares, País Vasco, Canarias e Cantabria.

Finalmente, hai que facer mención ó uso de **internet** en Galicia. O grao de penetración en Galicia deste medio de

comunicación medra no ano 2003 case cinco puntos porcentuais, para acadalo 23,6%. No conxunto do Estado, a porcentaxe de persoas que usou internet nos últimos 30 días foi 26,9%, 4,4 puntos porcentuais máis que no ano anterior.

Participación cívica

A análise da participación cívica céntrase nos datos das fundacións de interese galego e asociacións que figuran nos rexistros e censos da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado.

O **cadro 4.6.13.** amosa que a 31 de outubro de 2003 hai rexistradas un total de 18 fundacións declaradas de interese galego na devandita consellería (esta encárgase de asesorar, informar e tutelar a aquelas fundacións que perseguen, entre os seus fins, o apoio á familia, infancia e xuventude e a promoción e formación en materia de emprego), das que 11 están emprazadas na provincia de A Coruña e 6 en Pontevedra.

No concernente ás entidades de iniciativa social, na devandita data hai rexistradas un total de 1.824 entidades, das que 619 corresponden a entidades de xuventude (381 asociacións e 238 entidades prestadoras de servizos), 670 a asociacións de mulleres, 463 a asociacións de familia, infancia e menores, e 72 asociacións de minorías étnicas. ■

